Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 3 DE AGOSTO DE 2026 LUNES, 3 DE AGOSTO DE 2026 | BOP NÚMERO 145

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Secretaría Xeral

Bases reguladoras do concurso para a adxudicación de vinte e nove licenzas de taxi adaptado

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na súa sesión do 27 de xullo de 2026, aprobou as Bases reguladoras do concurso para a adxudicación de vinte e nove (29) autorizacións de licenzas de taxi adaptado, cuxo contido é do seguinte teor literal:

"**Bases reguladoras do concurso para a adxudicación de 29 autorizacións de licenzas de taxi adaptado**

Primeira: Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación, mediante concurso público, de VINTE NOVE (29) licenzas de taxi adaptado para a prestación do servizo público discrecional de transporte de viaxeiros/as en vehículos de turismo no termo municipal de Santiago de Compostela.

Malia que as citadas licenzas son de vehículo de taxi adaptado para transportar a persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas, de conformidade co establecido pola lexislación vixente, dará servizo preferente a estes usuarios, mais non terá ese uso exclusivamente, podendo exercer en segundo termo os usos xerais deste tipo de transporte.

Segunda: Normativa de aplicación

- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, aprobado por Decreto 103/2018, do 13 de setembro.
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.
- Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres aprobado por Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño 1955.
- Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, e demais normativa aplicable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceira: Natureza da relación da prestación

A natureza da relación que vinculará aos adxudicatarios das licenzas de taxi co Concello de Santiago de Compostela será a propia dun servizo de interese público.

A prestación do servizo de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ao seu titular para exercer a actividade (licenza de taxi e autorización interurbana de taxi).

Existirá unha vinculación entre a licenza de taxi e a autorización interurbana de taxi, sendo preciso dispoñer de ambos títulos para a realización da actividade.

Cuarta: Dereitos e obrigas da persoa titular da licenza

- Os dereitos e obrigacións da persoa titular da licenza son os que nacen da licenza outorgada polo municipio, así como os derivados da lexislación aplicable.

Número de anuncio 2026/5034

- O/a titular da licenza está obrigado/a a cumprir na prestación do servizo, na súa terminación e con posterioridade á mesma, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción da mesma.
- A licenza outórgase, con carácter permanente, como taxi adaptado, de xeito que se dea cumprimento aos estándares de accesibilidade establecidos en cada momento pola normativa. A persoa titular atenderá de xeito preferente ás chamadas das persoas con mobilidade reducida.
- No caso de substitución futura do vehículo adscrito á licenza, o novo vehículo substituto deberá permitir o seu uso como taxi adaptado, e non poderá ser menos eficiente que o vehículo substituído, desde o punto de vista da correspondente etiqueta medioambiental que fora obxecto de valoración á hora de aplicar os criterios de adxudicación tidos en conta neste concurso.

Quinta: Vixencia da licenza

A vixencia das licenzas de taxi é permanente en tanto non se produza a renuncia ou o falecemento do/a titular da mesma sen herdeiros/as, se declare a caducidade ou se acorde a súa revogación (art. 12 da Lei 4/2013, do 30 de maio).

A licenza outórgase, con carácter permanente, como taxi adaptado, de xeito que se dea cumprimento aos estándares de accesibilidade establecidos en cada momento pola normativa.

Sexta: Requisitos para a titularidade dunha licenza

A) Segundo o establecido no artigo 5 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e o establecido nestas bases, só poderán ser titulares de licenzas de taxi as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ser persoa física e ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea ou doutro país estranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa exixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

b) Acreditar a titularidade do vehículo de turismo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.

c) Xustificar o cumprimento das obrigacións de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente.

d) Acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para a realización do transporte que sexan exixibles pola normativa vixente.

e) Dispor da capacitación profesional para prestar servizos de taxi, mediante a obtención do debido certificado de aptitude profesional expedido polo Concello de Santiago.

Para estes efectos, o Concello convocará e resolverá as probas pertinentes con carácter previo á remisión á administración autonómica da memoria municipal sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular da licenza, á que fai referencia o artigo 10.2 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro.

f) Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionarse na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente.

g) Non ser titular de máis de dúas licenzas de taxi no municipio de Santiago, segundo o establecido no artigo 9 da Lei 4/2013, do 30 de maio.

h) Non haber efectuado a transmisión doutra licenza nos cinco anos inmediatamente anteriores.

B) A concorrencia na persoa solicitante dalgunha das circunstancias seguintes determina a imposibilidade de obter e resultar adxudicataria dunha nova licenza, polo que será motivo de exclusión:

- Ser titular de máis de dúas licenzas de taxi no municipio de Santiago de Compostela.
- Ter efectuado a transmisión doutra licenza nos cinco anos inmediatamente anteriores.

Sétima: Canon

Establécese un canon ao outorgamento de cada licenza por importe de 88.000,00 €.

Oitava: Taxa pola licenza

Para concorrer a este procedemento, o/a interesado/a deberá aboar previamente unha taxa por importe de 2.027,80 € (artigo 5º c da Ordenanza fiscal 3.08 da taxa pola licenza de autotaxi e demais vehículos de aluguer).

Número de anuncio 2026/5034

Novena: Solicitudes

As solicitudes, segundo o formulario específico MO046, deberán axustarse a estas bases e presentaranse preferentemente por medios electrónicos, a través do trámite da sede electrónica "Adxudicación de licenzas de autotaxi e de transporte lixeiro de mercadorías", ou no seu defecto, presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e rematará o 18 de setembro de 2026.

Cada persoa só poderá presentar unha única solicitude para a obtención dunha única licenza. A súa presentación supón a aceptación incondicional da totalidade destas bases reguladoras, sen excepción ou reserva algunha.

Décima: Publicidade

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Santiago de Compostela.

O formulario específico de solicitude MO046, xunto cos anexos I e II destas bases, estarán dispoñibles en formato editable, a partir do 30 de xullo de 2026 na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, no trámite previsto para a adxudicación de licenzas de autotaxi e de transporte lixeiro de mercadorías, para a súa descarga polas persoas interesadas.

Undécima: Criterios de valoración

Para a valoración das solicitudes atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación, consonte o disposto no artigo 8.3 da Lei 4/2013, do 30 de maio, e no artigo 9.2 do Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, aprobado por Decreto 103/2018, do 13 de setembro, ata un máximo de 100 puntos:

Establécense os seguintes criterios cualificables automaticamente:

1. Antigüidade como condutor/a (asalariado/a) de taxi con plena e exclusiva dedicación á profesión: 2 puntos por cada ano ou fracción, superior a seis meses como condutor/a de taxi, ata 50 puntos.

   Acreditarase coa seguinte documentación: contrato de traballo, certificado de empresa no cal se indique a data de alta e baixa nela, así como o posto de traballo ocupado, e informe de vida laboral actualizado emitido pola Seguridade Social onde se especifique a data de alta e baixa na actividade correspondente.

2. Antigüidade na dedicación á profesión de taxista (titular licenza de taxi): 1 punto por cada ano ou fracción, superior a seis meses de dedicación á profesión de taxista, ata 35 puntos.

   Acreditarase coa seguinte documentación: informe de vida laboral actualizado emitido pola Seguridade Social onde se especifique a data de alta e baixa na actividade correspondente. O Concello comprobará de oficio os datos facilitados, e emitirá certificación acreditativa das datas de inicio ou fin na prestación de servizos como taxista.

3. Aspectos ambientais: polo compromiso da adquisición de vehículos coas seguintes cualificacións, segundo o distintivo ambiental emitido pola Dirección Xeral de Tráfico e a súa adscrición a licenza con carácter permanente:

   - Cualificación enerxética "0 Emisións": 15 puntos.

   Acreditarase coa seguinte documentación: ficha do vehículo que se adscribirá á prestación do servizo, na que se especifique modelo, características técnicas e cualificación enerxética.

   - Cualificación enerxética "ECO": 10 puntos.

   Acreditarase coa seguinte documentación: ficha do vehículo que se adscribirá á prestación do servizo, na que se especifique modelo, características técnicas e cualificación enerxética.

   En caso de empate en puntuación, darase preferencia ás puntuacións máis altas obtidas nos seguintes apartados:

   - Condutor/a asalariado/a.
   - Antigüidade como condutor/a.

   Se, despois de aplicar os criterios anteriores, persiste o empate, realizarase un sorteo público para determinar a orde final.

Número de anuncio 2026/5034

Décimo segunda: Contido das solicitudes e documentación

A solicitude deberá vir acompañada, en todo caso, da seguinte documentación:

A) Documentación relativa ao cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios para ser titular de licenza de taxi:

- Anexo I destas bases, debidamente cuberto e asinado.
- Documento de identidade da persoa física solicitante.
- Permiso de conducir de clase B ou superior (art. 4.2 do R.D. 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores).
- Obrigas fiscais e obrigas coa Seguridade Social: A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e da Seguridade Social:
  - o Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal.
  - o Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia.
  - o Certificado expedido pola autoridade administrativa competente de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

  O Concello comprobará de oficio que a solicitante non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.
- O Concello comprobará de oficio que a persoa solicitante estea en posesión do certificado de aptitude profesional para prestar servizos de taxi.

B) Documentación para a valoración das solicitudes:

- Anexo II destas bases, debidamente cuberto e asinado.
- Documentación acreditativa correspondente, para cada un dos criterios de valoración sinalados na base undécima.

  Non se avaliarán os criterios que non veñan acreditados coa documentación esixida.

Décimo terceira: Comisión de valoración

Constituirase unha comisión de valoración encargada de cualificar a documentación presentada, valorar as solicitudes e elevar proposta de resolución ao órgano competente para resolver, que é a Xunta de Goberno Local.

Actuará como secretaria a xefa do Servizo de Mobilidade e Transporte ou na súa ausencia un funcionario do dito servizo.

Décimo cuarta: Valoración de solicitudes

Tras a finalización do prazo de presentación de solicitudes, procederase á cualificación da documentación presentada. Se fose necesario, requirirase á persoa interesada para que emende ou complete os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada nun prazo de 10 días hábiles.

En caso de non observar defectos ou omisións na documentación achegada ou, en todo caso, unha vez finalizado o prazo para a emenda daquelas, avaliaranse as solicitudes consonte os criterios de valoración establecidos e a comisión formulará a correspondente proposta clasificando as solicitudes por orde decrecente de puntuación.

A comisión poderá solicitar cantos informes técnicos considere necesarios en relación co obxecto do concurso antes de realizar a proposta de adxudicación.

Completada a tramitación, o Concello poderá desestimar directamente a solicitude se entende que non concorren os requisitos precisos para acceder ao solicitado dende o punto de vista das competencias municipais.

Se se considera que se compren os requisitos, a comisión de valoración trasladaralle o resultado á Xunta de Goberno, que efectuará a proposta de resolución de adxudicación de licenzas e a remitira xunto con todo o expediente ao órgano competente da Administración Autonómica segundo o establecido nos artigos 3 e 10 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, para a emisión do correspondente informe.

Décimo quinta: Adxudicación

Se o informe da Administración Autonómica é favorable, o órgano competente para resolver, requirirá ás 29 licitadoras propostas coma adxudicatarias para que, dentro do prazo de vinte días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presenten a seguinte documentación:

a. Acreditación da titularidade e disposición efectiva, do vehículo, xunto coa documentación acreditativa de que reúne as condicións e características previstas no art. 25 da Lei 4/2013, do 30 de maio, e arts. 28 e 29 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro.

Número de anuncio 2026/5034

A titularidade acreditarase mediante a achega do contrato de compravenda, arrendamento ou renting. A disposición efectiva do vehículo acreditarase mediante a achega do permiso de circulación e tarxeta de inspección técnica do vehículo. Excepcionalmente, se o vehículo non estivese aínda matriculado, acreditarase mediante a achega do certificado da aduana ou de fabricación no que consten os datos do titular e vehículo. Neste caso, requirirase á persoa interesada para que no prazo adicional e improrrogable dun (1) mes, achegue o debido permiso de circulación e tarxeta de inspección técnica do vehículo. Transcorrido o cal, se non se cumpre o requirimento formulado, entenderase que a persoa interesada desiste da súa solicitude.

b. Póliza vixente ou certificado da entidade aseguradora do seguro que cubra a responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor do vehículo e xustificante de pago da prima do período de seguro en curso.

c. A declaración censual de alta correspondente ao Imposto sobre Actividades Económicas ou no censo de obrigados tributarios, así como copia da declaración censual de comezo de actividade aos efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o valor engadido.

d. Declaración da alta no réxime especial de traballadores/as autónomos/as da Seguridade Social.

e. Recibo acreditativo do pagamento do canon.

f. Recibo acreditativo do pagamento das taxas que correspondan municipal e autonómica.

Se existira algunha deficiencia notificarase á persoa interesada, requiríndolle para que a solvente no prazo de dez días hábiles.

De non cumprimentarse adecuadamente algún dos requirimentos anteriores no prazo sinalado, entenderase que a persoa interesada desiste da súa solicitude.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación á persoa solicitante seguinte, pola orde en que queden clasificadas as solicitudes, e solicitarase novamente informe á administración autonómica.

Décimo sexta: Inicio do servizo

O servizo deberá iniciarse no prazo máximo dun (1) mes desde a concesión definitiva da licenza. O incumprimento deste prazo poderá dar lugar á revogación da licenza.

Décimo sétima: Recursos

As licenzas de taxi teñen carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e ao Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, resolución e efectos destas licenzas, así como do procedemento de adxudicación serán resoltos polo órgano de adxudicación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei Reguladora da devandita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Número de anuncio 2026/5034

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTIPACIÓN NO PROCESO DE ADXUDICACIÓN DE VINTE E NOVE (29) LICENZAS DE TAXI ADAPTADO NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO

(nome e apelidos) ..... con documento de identidade número..... en nome propio ou en representación de .....con NIF ..... no procedemento de adxudicación do *vinte e nove (29) licenzas de taxi adaptado no Concello de Santiago de Compostela mediante concurso público,*

- DECLARO que cumpro as seguintes condicións, establecidas nas bases da

convocatoria:

a) Que (márquese o que proceda):

- o Son titular das seguintes licenzas de taxi neste concello número.....
- o Non son titular de ningunha licenza de taxi.

b) Que non efectuei a transmisión de ningunha licenza de taxi nos 5 anos inmediatamente anteriores.

c) Que de resultar adxudicataria comprométome a cumprir en todo momento as condicións establecidas nestas bases.

- COMPROMÉTOME A:

1. Subscribir a póliza acreditativa para dar cobertura da responsabilidade civil e o seguro na circulación de vehículos a motor durante a vixencia da licenza de taxi.

2. Acreditar no seu momento a titularidade e disposición efectiva do vehículo a adscribir á licenza, e de que este reúne as condicións e características esixidas para prestar o servizo.

En Santiago de Compostela, _____de_____de 2026.

Sinatura

Número de anuncio 2026/5034

ANEXO II

(nome).....con documento de identidade número..... en nome propio ou en representación de .....con NIF ..... no procedemento de adxudicación do *vinte e nove (29) licenzas de taxi adaptado no Concello de Santiago de Compostela mediante concurso público,*

Fago constar que concorro a este procedemento coas seguintes condicións:

1- Antigüidade como condutor/a (asalariado/a) de taxi con plena e exclusiva dedicación á profesión: ..... anos

2. Antigüidade na dedicación á profesión de taxista (titular de licenza de taxi):

..... anos

3.- Aspectos ambientais: adscrición con carácter permanente ao servizo dun vehículo coa seguinte cualificación, segundo o distintivo ambiental emitido pola Dirección Xeral de Tráfico:

- o Cualificación enerxética "0 Emisións"
- o Cualificación enerxética "ECO"

Os datos alegados que non veñan acreditados non serán valorados, de aí deberán xuntar a documentación acreditativa dos criterios de adxudicación consonte o sinalado na cláusula 11 e 12 destas bases.

En Santiago de Compostela, _____de_____de 2026."

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2026.

O concelleiro delegado de Mobilidade, Convivencia e

Centros Socioculturais,

Xan Xesús Duro Fernández.

(P.D. Decreto da Alcaldía 2023/8135, do 17 de xuño)

2026/5034

Número de anuncio 2026/5034